



BOLETÍN RSU NOVIEMBRE 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



Reunión por videoconferencia das e os integrantes do equipo do que formaba Ordoñez, xunto coa súa coordinadora e un docente do IF Sul-río-Grandense

ESTUDANTES DE DIFERENTES PAÍSES DESEÑAN APLICACIÓNS PARA FACER MÁIS ACCESIBLE A CIDADE BRASILEIRA DE PELOTAS

DUVI PONTEVEDRA 02/11/2021

O desenvolvemento do *Demo Day*, un encontro virtual no que sete grupos de estudantes presentan unha serie de proxectos dirixidos a xerar melloras en materia de inclusión e accesibilidade na cidade brasileira de Pelotas pon fin esta semana a *LAPASSION@Pelotas*. Coordinada polo Instituto Federal Sul-río-Grandense, no marco do proxecto europeo *Lapassion (Latin America Practices and Soft Skills for an Innovation Oriented Network)*. [+info](#).



Foto de familia dos 12 estudantes cos responsables da UVigo e Down Vigo

12 PERSOAS CON DIVERSIDADE INTELLECTUAL ADQUIREN NA UVIGO COMPETENCIAS PARA O EMPREGO E A VIDA AUTÓNOMA

DUVI 02/11/2021

Co obxectivo de consolidarse como unha Universidade aberta, flexible e inclusiva UVigo está a poñer en marcha, baixo o paraugas da Escola Aberta de Formación Permanente, cursos complementarios abertos a todos os colectivos da cidadanía. Unha das principais novidades deste ano académico 2021-2022 é un título propio destinado a persoas con diversidade intelectual, o primeiro deste tipo que se pon en marcha da Universidade viguesa. [+info](#).



O Comité Ambiental do programa Green Campus aproba o seu plan de acción para este curso

74 MEDIDAS PARA UN CAMPUS MÁIS VERDE

DUVI PONTEVEDRA 03/11/2021

Un total de 74 medidas en materia de optimización do consumo enerxético, sostibilidade, redución de residuos, mobilidade, biodiversidade, consumo responsable, sensibilización e ambientalización curricular integran o sétimo plan de acción do programa Green Campus, que en 2015 levou a Pontevedra a converterse no primeiro campus de España en obter a bandeira verde que outorga a Foundation for Environmental Education (FEE). [+info](#).




O percorrido terá unha dificultade media-baixa

A SEGUNDA RUTA CULTURAL DESTE CURSO TRANSCORRERÁ POLAS FRAGAS DO RÍO BARRAGÁN

DUVI OURENSE 03/11/2021

O sábado 6 novembro a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo celebrará a segunda ruta cultural deste curso académico. A andaina transcorrerán polas fragas do río Barragán, en Pazos de Borbén (Pontevedra). Con 80 prazas dispoñibles para os tres campus da institución académica, na inscrición terán prioridade os membros da comunidade universitaria pero tamén estará aberta ás persoas alleas a ela. [+info](#).



Nunha xornada virtual, que se desenvolverá o 11 de novembro a través de Campus Remoto

DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA PROPÓN UN DEBATE SOBRE O PRESENTE E FUTURO DA DOCENCIA VIRTUAL NAS UNIVERSIDADES PRESENCIAIS

DUVI PONTEVEDRA 03/11/2021

En marzo de 2020, a covid-19 obrigou ás universidades a converter temporalmente en virtual toda a súa actividade docente. Mais, antes da pandemia, diferentes institucións académicas impulsaran xa graos e posgraos virtuais. Trazar unha “primeira foto fixa” sobre o papel da modalidade *online* nas universidades públicas presenciais, nun contexto marcado polos cambios xerados pola pandemia, é o obxectivo da xornada que a Facultade de Dirección e Xestión Pública promove o vindeiro xoves 11, tamén de xeito virtual. [+info](#).

SAVE THE DATE

II Congreso Internacional de Justicia Restaurativa y Justicia Terapéutica

9, 10 y 11 de Noviembre 2021

- Costa Rica: de 8:00 a.m. a 1:00 p.m.
- España: de 4:00 p.m. a 9:00 p.m.
- México: de 9:00 a.m. a 2:00 p.m.
- Paraguay y República Dominicana: de 10 a.m. a 3:00 p.m.

INSCRIPCIONES AL EVENTO VIRTUAL

Fecha límite de inscripción: 3 de noviembre del 2021

Una Iniciativa de Cooperación Triangular cofinanciada por la Ventana ADELANTE

www.adelante2.eu

UVIGO E USC CONTRIBÚEN Á FORMACIÓN EN XUSTIZA TERAPÉUTICA DOS AXENTES XUDICIAIS DE AMÉRICA LATINA

DUVI PONTEVEDRA 04/11/2021

No marco do programa de cooperación triangular con América Latina e o Caribe Adelante 2, cofinanciado pola Unión Europea, os poderes xudiciais de Costa Rica, Paraguai e o Estado de México conformaron, xunto coas universidades de Vigo e Santiago de Compostela (USC), unha “alianza” dirixida a promover a formación en xustiza terapéutica e restaurativa, na que participa tamén o Poder Xudicial da República Dominicana. [+info](#).



Un intre da demostración

UN NOVO PROXECTO PILOTO 5G APROXIMA AS VANTAXES DA EDUCACIÓN 4.0 ÁS AULAS UNIVERSITARIAS

D. BESADÍO DUVI 04/11/2021

Clases enriquecidas con contidos 3D, soportados polas novas tecnoloxías 5G, para mellorar as experiencias do alumnado. A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación acolleu este xoves a presentación de resultados dun novo proxecto piloto 5G desenvolto, nesta ocasión, por un consorcio liderado pola empresa Orange en colaboración co centro atlantTic da Universidade de Vigo e a multinacional Capgemini. [+info.](#)



As organizadoras, Esther Pillado e Sonia Calaza, consideran que “marcan un fito normativo sen precedentes”

UN CONGRESO INTERNACIONAL ANALIZA AS DÚAS NOVAS LEIS QUE AFECTAN Á DISCAPACIDADE E Á PROTECCIÓN DOS MENORES FRENTE Á VIOLENCIA

DUVI 04/11/2021

Neste 2021 aprobáronse dúas novas lei que afectan aos dereitos de dous dos colectivos máis vulnerables da sociedade: as persoas con discapacidade e as os menores de idade. Os cambios que traen consigo, a súa aplicación práctica e as súas eivas están sendo analizados estes días por expertos e profesionais na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no marco do *Congreso Internacional Retos do dereito de familia ante a nova regulación en materia de discapacidade e protección da infancia e adolescencia fronte á violencia*. [+info.](#)



Marcos Maceira, Emma Torres e María Costas

CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN AFONDA NA SITUACIÓN DO GALEGO NO AUDIOVISUAL

DUVI PONTEVEDRA 04/11/2021

Entre os preto de 26.000 títulos que integran os catálogos das diferentes plataformas de vídeo baixo demanda presentes en España, só poden atoparse 26 producións en galego. Este foi un dos datos que puxo sobre a mesa o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, no coloquio que esta asociación promoveu este xoves na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, centrado na nova Lei Xeral do Audiovisual que nos próximos días se someterá a debate no Congreso. [+info.](#)



Coucheiro, González, Ortiz, Martínez, Lema e Tolosana

O GRUPO DE INNOVACIÓN BIOFORE PLUS PON DE RELEVO O PAPEL DA BIOMASA NA ECONOMÍA CIRCULAR

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 05/11/2021

Explorar diferentes vías para dotar dun maior valor a biomasa forestal residual procedente de masas arbóreas sen valor comercial era o propósito central de *Biofore Plus*, un grupo de innovación que este venres presentou na Escola de Enxeñaría Forestal os resultados das investigacións desenvolvidas ao longo deste 2021. [+info.](#)



O baño está identificado na súa porta para o uso de persoas ostomizadas

O CAMPUS DÁ UN PASO CARA A INTEGRACIÓN DAS PERSOAS OSTOMIZADAS


DUVI OURENSE 05/11/2021

Cada día son máis as persoas ostomizadas, persoas que teñen un orificio no abdome por onde dan saída á urina e feces, que se recollen nunha bolsa adaptada ao seu corpo. A súa cifra en Ourense ascende a máis dun millar e en España a máis de 100.000, realizándose a nivel estatal cada ano arredor de 15.000 intervencións deste tipo. Co obxectivo de contribuír a facilitar a vida deste colectivo, moi condicionada polas consecuencias da ostomía, vén de habilitarse na Facultade de Dereito un cuarto de baño adaptado ás súas necesidades. [+info.](#)

A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA BUSCA CANTEIRA ENTRE O ALUMNADO UNIVERSITARIO

D. BESADÍO DUVI 05/11/2021

A falta de canteira, sobre todo nos niveis máis altos da Administración, é unha das preocupacións que levou á Dirección General de la Función Pública –Ministerio de Política Territorial- a pór en marcha un Programa de Captación de Talento, unha iniciativa coa que mellorar a imaxe da Administración Xeral do Estado como empregadora e coa que garantir a incorporación de suficientes persoas no sector público capaces de desenvolver con éxito os mellores servizos públicos. [+info.](#)



César Pla, Juan Gala, Margarita Boo e Natalia Caparrini na apertura das xornadas

Novembro 2021.



O reitor da UVigo, o conselleiro de Educación, o reitor da USC e o reitor da UDC

XUNTA E UNIVERSIDADES CONSENSÚAN UN PLAN DE FINANCIAMENTO PARA 2022-2026 QUE SUPERARÁ OS 3200 MILLÓNS DE EUROS

DUVI 08/11/2021

“Este plan supón que as universidades galegas recibirán o maior apoio da historia por parte da Xunta de Galicia”, asegurou este mediodía o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, na súa comparecencia, xunto aos reitores das universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña, para presentar os detalles do Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026. [+info](#).



Foto de familia das e dos participantes

56 PERSOAS PARTICIPARON NA RUTA CULTURAL POLAS FRAGAS DO RÍO BARRAGÁN

DUVI OURENSE 08/11/2021

56 persoas procedentes dos tres campus da Universidade de Vigo participaron este sábado 6 novembro na segunda ruta cultural organizada este curso académico pola Área de Benestar, Saúde e Deporte. Foi, indican desde a organización, “unha andaina magnífica” que transcorreu polas fragas do río Barragán, en Pazos de Borbén (Pontevedra). [+info](#).




O WORKSHOP 'HACKEANDO O PATRIARCADO' CENTRARÁ A SÚA TERCEIRA EDICIÓN NA INTELIXENCIA ARTIFICIAL FRENTE AOS MACHISMOS

DUVI 08/11/2021

DUVI 08/11/2021

A Cátedra de Feminismos 4.0, impulsada pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, celebrará o próximo 18 de novembro a terceira edición do workshop *Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado*, co obxectivo de manter activo un espazo de reflexión colectiva ao redor do denominado “patriarcado dixital”. Baixo o lema *Intelixencia artificial feminista fronte aos algoritmos machistas*, o workshop pretende cuestionar o papel que están a desempeñar as tecnoloxías na lexitimación das fendas e nesgos de xénero, así como atender a información relevante proporcionada polo ecofeminismo ou tecnofeminismo. [+info](#).




Francisco Javier González Castaño e Francisco de Arriba Pérez, investigadores do Grupo GTI

UVIGO E AFAGA DESENVOLVEN UNHA METODOLOXÍA DE ACOMPAÑAMENTO TERAPÉUTICO INTELIXENTE PARA PERSOAS CON DEMENCIA EN ESTADOS INICIAIS

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 09/11/2021

A Organización Mundial da Saúde (OMS) prevé que o número de persoas con demencia acade en todo o mundo os 82 millóns en 2030, chegando aos 152 millóns en 2050. Este síndrome, xeralmente de natureza crónica ou progresiva, caracterizado polo deterioro da función cognitiva, e que pode afectar á memoria, pensamento, orientación, comprensión, cálculo, linguaxe ou capacidade de aprendizaxe, é unha das principais causas de discapacidade e dependencia entre as persoas maiores. [+info.](#)



Captura realizada na apertura do seminario, que se celebrou en liña

A UNIDADE DE IGUALDADE CONSTATA A EXISTENCIA DE FENDA SALARIAL DE XÉNERO ENTRE O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

D. BESADÍO DUVI 09/11/2021

A fenda salarial de xénero é unha realidade entre o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo e débese, sobre todo, á segregación vertical, aquela que provoca a distribución por categorías, é dicir, aquela que fai que a medida que aumenta a escala xerárquica diminúa claramente o número de mulleres, sobre todo cando se chega á categoría de maior rango: a cátedra. [+info.](#)



Foto de familia dos participantes no proxecto 'Edukasano'

OS CENTROS DE ENSINO DE MARÍN IMPLANTARÁN PROPOSTAS DIDÁCTICAS CENTRADAS NA SAÚDE E O CAMIÑO DE SANTIAGO

DUVI PONTEVEDRA 09/11/2021

Desenvolver unha intervención educativa que englobe o fomento dos hábitos saudables co traballo das competencias propias de cada educativa e que á súa vez tome como punto de partida o contexto social e cultural de Marín é o propósito central do proxecto *Edukasano*, que o grupo de investigación Gies-10 desenvolve ao abeiro dun convenio co Concello. [+info.](#)



A actividade celebrouse na Facultade de Educación e Traballo Social

ALUMNADO DO CAMPUS AFONDA NA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE

DUVI OURENSE 10/11/2021

O campus de Ourense acolleu este mércores a celebración da III Xornada de Sensibilización e Prevención da Violencia Sexual na Mocidade, iniciativa que se desenvolve nos sete campus universitarios galegos promovida pola Secretaría Xeral de Igualdade co apoio das unidades de igualdade das respectivas universidades. Na cita celebrada en Ourense abordáronse temas como as subculturas supremacistas masculinas en Internet e a explotación sexual de menores. [+info.](#)



A actividade celebrouse na Facultade de Educación e Traballo Social

ESTUDANTES DE MESTRADO REFLEXIONAN SOBRE A IGUALDADE DE XÉNERO NO TECIDO EMPRESARIAL E A RESPONSABILIDADE SOCIAL

DUVI 10/11/2021

Preto de medio cento de estudantes do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible, MXDS, e do Máster universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa, MAiE, participaron este mércores nunha xornada sobre igualdade, empresa e a responsabilidade social na Axenda 2030. [+info.](#)




O PUM celebra a graduación dos titulados e tituladas nos cursos 2019-2020 e 2020-2021

O PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES RENDE HOMENAXE A CATRO PROMOCIÓNS MARCADAS POLA PANDEMIA

DUVI PONTEVEDRA 11/11/2021

Meses despois de ter completado os seus estudos e despois de ver como a covid-19 lles obrigaba en 2020 durante uns meses a seguir a súa formación de xeito virtual, 44 novos tituladas e tituladas dos dous ciclos do [Programa Universitario de Maiores \(PUM\)](#) celebran este venres a fin dos seus estudos. A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación exerce como escenario dun acto de graduación que reúne estudantes que cursaron este programa, inserido nas iniciativas da [Escola Aberta de Formación Permanente \(EAFP\)](#), nos tres campus da UVigo. [+info.](#)



Captura de pantalla de SignaMed, a app pola que foi premiada o profesor José Luis Alba (na pantalla)

PREMIO REVELACIÓN DO FÓRUM RIES PARA O PROFESOR JOSÉ LUIS ALBA

DUVI 11/11/2021

O docente da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e investigador de atlantTTic José Luis Alba Castro é o novo gañador do Premio Revelación do [Fórum RIES](#), un encontro que reúne esta semana no Balneario de Mondariz os principais axentes do sector saúde do ámbito público e privado a nivel europeo. Alba recibiu o premio polo proxecto SignaMed, unha aplicación para consultar termos médicos en lingua de signos desenvolta polo Grupo de Tecnoloxías Multimedia ao abeiro do proxecto Speech&Signs. [+info.](#)



UNHA TESE IDENTIFICA 12 PRINCIPIOS QUE FACILITARÍAN A COMPATIBILIDADE DA CIRCULARIDADE ECONÓMICA COA SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

DUVI 11/11/2021

Reciclar, reducir e reutilizar. Alén destes tres coñecidos verbos atópase a idea de repensar os modelos de produción actuais, que son lineais, rápidos e pouco sostibles para o planeta. Esta é unha das claves da economía circular, un sistema de produción e consumo que pretende facer fronte aos procedementos lineais mediante a optimización e aproveitamento dos recursos e residuos. [+info.](#)



A primeira xornada 'Docencia virtual universitaria' desenvolveuse a través de Campus Remoto

REPRESENTANTES DE SETE UNIVERSIDADES AFONDAN NO PAPEL DA VIRTUALIDADE NO ENSINO SUPERIOR

DUVI PONTEVEDRA 11/11/2021

Reunir unha serie de "actores con experiencia en proxectos *e-learning*" de diferentes universidades españolas para analizar diferentes experiencias de implantación de modalidades virtuais no ensino superior, así como para darlles a coñecer o traballo levado a cabo neste eido polo Grao en Dirección e Xestión Pública e o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional. [+info.](#)



A iniciativa insírese nun proxecto de Aprendizaxe-Servizo

ESTUDANTES DO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA FORMAN AO ALUMNADO DE DOWN VIGO EN MATEMÁTICAS APLICADAS Á SÚA VIDA DIARIA

DUVI PONTEVEDRA 12/11/2021

Contribuír a que, a través de diferentes actividades de carácter lúdico, oito mozos e mozas con síndrome de Down adquiren habilidades básicas de cálculo matemático que poidan serlles de utilidade na súa vida diaria. Ese é o obxectivo central do proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) que, baixo a coordinación da profesora Marta Pérez, preto de 30 estudantes do Grao en Educación Primaria desenvolven nestas semanas coa asociación Down Vigo. [+info.](#)




Doce paneis conforman a exposición

A MOSTRA 'AS MULLERES QUE NOS LEVARON Á LÚA' CHEGA AO CAMPUS

DUVI OURENSE 12/11/2021

O 21 de xullo de 1969 o primeiro ser humano puxo un pé na lúa, un fito que marcou un antes e un despois na historia da navegación espacial. Co obxectivo de visibilizar ás mulleres que participaron neste éxito da misión do Apolo XI, o colectivo Exxperimenta en Feminino da UVigo, composto por profesoras e investigadoras da Escola Superior de Enxeñaría Informática, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Facultade de Ciencias do campus de Ourense, ten en marcha a exposición *As mulleres que nos levaron á lúa*. [+info.](#)



Laura Vázquez, na Facultade de Ciencias do campus de Ourense, onde desenvolveu a súa tese

UNHA TESE PROBA O USO DE TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA CARACTERIZAR O TRANSPORTE NO SOLO DE CONTAMINANTES COMO MICROPLÁSTICOS E LODOS

DUVI OURENSE 15/11/2021

O transporte de coloides (sustancias con dúas ou máis fases, normalmente unha fluída e outra dispersa en forma de partículas xeralmente moi finas) no solo determina o destino dos contaminantes, nutrientes e microorganismos no ambiente e a contaminación das augas subterráneas. Na súa tese de doutoramento, a química Laura Vázquez probou con bos resultados o uso da tecnoloxía emerxente TRPS para a contabilización e caracterización do transporte de contaminantes coloidais, como os microplásticos e os lodos vermellos residuos da produción de alumina, na auga do solo. [+info.](#)

Novembro 2021.



O teatro Afundación acollerá a proxección de seis documentais entre este mércores 17 e venres 19

A SEMANA DE CINE SUBMARINO CUMPRE 30 ANOS CUNHA EDICIÓN CENTRADA NA VIDA OCEÁNICA E OS TESOUROS DA PENÍNSULA IBÉRICA

M. DEL RÍO DUVI 15/11/2021

Tras un ano de parón provocado pola pandemia, neste 2021 a Semana de Cine Submarino si poderá celebrar o seu trinta aniversario. E farao coa proxección de seis documentais entre este mércores 17 e o venres 19 nos que terá especial relevancia a vida oceánica e os tesouros da península ibérica. A presentación deste evento, organizado pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, tivo lugar este luns na sede institucional da Universidade de Vigo no Berbés. [+info.](#)

10



Imaxe dunha reunión de seguemento do proxecto celebrada en Barcelona este mes

A UNIVERSIDADE PARTICIPA NUN PROXECTO QUE BUSCA CONVERTER AS ENTIDADES PÚBLICAS CATALÁNS EN REFERENTES DE BOAS PRÁCTICAS ANTICORRUPCIÓN

D. BESADÍO DUVI 16/11/2021

A Universidade de Vigo está a colaborar coa Oficina Antifraude de Cataluña na elaboración do proxecto Compliance, un traballo co que se busca converter aos entes públicos cataláns en referentes de boas prácticas a nivel nacional e internacional mediante a implantación xeneralizada de distintos programas de cumprimento normativo e plans de integridade. [+info.](#)



A actividade celebrouse na entrada do edificio Xurídico-Empresarial

A FEIRA DE EMPREGO XURÍDICO PON EN CONTACTO A ALUMNADO DE DEREITO CON ENTIDADES DO SECTOR

DUVI OURENSE 16/11/2021

A Facultade de Dereito do campus de Ourense acolleu este martes a celebración da cuarta edición da Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal, chamada Orienta Iuris. Nela, alumnado de grao e mestrado do centro puido coñecer de primeira man os perfís profesionais demandados e os programas de incorporación que teñen consultoras, despachos de avogacía, administracións e outros organismos. [+info.](#)



Imaxe dunha anterior edición do proxecto

O PROXECTO MICROMUNDO@UVIGO VOLVE UN CURSO MÁIS PARA IMPLICAR A ESCOLARES NA BUSCA DE NOVOS ANTIBIÓTICOS

DUVI OURENSE 17/11/2021

Un curso académico máis o proxecto MicroMundo@Uvigo 2.0ponse en marcha. Alumnado e profesorado da Facultade de Ciencias do campus de Ourense traballará con estudantes preuniversitarios nun proxecto de investigación real no que participan máis de 14 países e que busca microorganismos produtores de novos antibióticos. O obxectivo último da iniciativa é despertar nas novas xeracións a vocación científica e a conciencia sobre a necesidade dun uso responsable destes medicamentos. [+info.](#)



A Vicerreitoría do campus acolleu a III Xornada de Sensibilización e Prevención da Violencia Sexual na Mocidade

UNHAS XORNADAS POÑEN O FOCO NA NECESIDADE DE COMBATER A VIOLENCIA MACHISTA NAS CONTORNAS DIXITAIS

DUVI PONTEVEDRA 17/11/2021

Pese aos avances acadados, a loita contra a violencia machista enfrenta “novos retos”, como “novas formas de infrinxir violencia, ás veces máis sutís, como a violencia psicolóxica a través das novas tecnoloxías”. Esta foi unha das mensaxes que ese mércores puxo sobre a mesa a secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, na III Xornada de Sensibilización e Prevención da Violencia Sexual na Mocidade, que a administración autonómica promove nestes días nos sete campus galegos, coa colaboración das unidades de igualdade das tres universidades. [+info.](#)




No 3º workshop Hackeando o Patriarcado, impulsado pola Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra

MULLERES REFERENTES EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL ACHEGAN PROPOSTAS PARA CREAR UNHA FRONTE COMÚN ANTE OS ALGORITMOS MACHISTAS

M. DEL RÍO DUVI 18/11/2021

Grandes referentes no eido da intelixencia artificial achegaron, na terceira edición do workshop Sociedade Dixital e Xénero. Hackeando o Patriarcado, diversas propostas para crear unha fronte común ante os algoritmos machistas. O evento, celebrado de xeito presencial na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e tamén en modalidade virtual, enmárcase nas activades da Cátedra de Feminismos 4.0 impulsada pola Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra. [+info.](#)

VI CONCURSOEscolar de creación artística
do Día Internacional da
Muller e a Nena na Ciencia

Universidade de Vigo

CONVÓCASE O VI CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

DUVI OURENSE 22/11/2021

Xa está en marcha unha nova edición, a sexta, do Concurso de Creación Artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, aberto á participación de alumnado de Primaria e ESO da provincia de Ourense. A iniciativa organízase co gallo da celebración o día 11 de febreiro do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia e é froito do traballo conxunto da Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense. [+info.](#)

12



Saleta González, Juan Picos e Iago Sanmartín

AS V XORNADAS GALEGAS DE PATRIMONIO NATURAL E BIODIVERSIDADE CENTRANSE NAS AMEAZAS AOS ECOSISTEMAS

DUVI 22/11/2021

Son moitas as ameazas ás que se enfrontan os ecosistemas galegos, que teñen que sobrepoñerse aos excesos de urbanización, resistir ás especies invasoras e adaptarse a escenarios cambiantes que, cada vez máis, estarán marcados polo cambio climático. Para analizar algunhas destas ameazas, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) organiza, en colaboración coa Universidade de Vigo, as V Jornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade. [+info.](#)



María Mercedes Fernández Angulo e Manuel Reigosa asinando o acordo

UN CONVENIO PERMITE A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS COA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

D. BESADÍO DUVI 22/11/2021

Estímase que máis de 7 millóns de persoas teñen Trastorno do Espectro do Autismo en Europa, en España máis de 450.000 e, destas, máis de 27.000 son galegas. Para elas o acceso á educación e ao emprego non só son un dereito, senón tamén un factor clave para mellorar a súa calidade de vida. Conscientes desta realidade a Universidade de Vigo e a Federación Autismo Galicia asinaron este luns un convenio marco de colaboración que facilitará o desenvolvemento de diferentes tipos de actividades de xeito conxunto. [+info.](#)



Cecilio Santalices, Adriana Diéguez, Esther de Blas, Isabel Gómez e Noemi Iglesias

ARRANCA A CAMPAÑA SOLIDARIA DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS, XOGUETES E LIBROS

DUVI OURENSE 23/11/2021

O campus de Ourense xa ten en marcha a campaña solidaria recollida de alimentos, xoguetes e libros. Se ben o pasado ano non foi posible realizala pola situación sanitaria provocada pola pandemia, este Nadal a comunidade universitaria volve a unirse a esta iniciativa froito da colaboración co Banco de Alimentos, Cruz Vermella e Amencer. [+info.](#)

13



Manuel Ramos, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado; María José Moure, directora da EAFP e Pablo Eguía, responsable do curso

A UVIGO PORÁ EN MARCHA UN CURSO AVANZADO DE POSGRAO EN EFICIENCIA ENERXÉTICA EN REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS

M. DEL RÍO DUVI 23/11/2021

En España existe un importante parque de construcións antigas edificadas segundo uns principios pouco sostibles e iso abre un amplo abano de posibilidades no eido da rehabilitación, en aspectos como actuacións na envolvente do edificio, nas instalacións enerxéticas e na xestión, medidas todas elas que poden axudar a mellorar a eficiencia enerxética dos inmobles. Para actualizar os coñecementos que os profesionais da enxeñaría teñen neste eido e ampliar a formación dos estudantes que están a piques de rematar o grao. [+info.](#)



Rosana Martínez fronte a escultura de homenaxe ás mulleres anónimas que fan posible a igualdade ubicada no campus de Ourense

AS VIOLENCIAS E CIBERVIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS MULLERES, UNHA CONSTANTE AO LONGO DA VIDA

DUVI OURENSE 24/11/2021

A violencia sexual, lembra Rosana Martínez, investigadora do Grupo de Saúde, Sexualidade e Xénero da Universidade de Vigo, “é unha realidade que sofren maioritariamente as nenas e mulleres”. Na infancia e na adolescencia, detalla, é cando comezan as súas primeiras experiencias que se materializan a través do abuso sexual infantil e/ou acoso sexual entre iguais pero “as violencias sexuais seguen o seu transcurso na etapa adulta dunha muller, transformándose en condutas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual”. [+info.](#)



Un intre da concentración realizada na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo á que asistiu Águeda Gómez -quinta pola esquerda-

A UVIGO REIVINDICA NO 25N O PAPEL DOS HOMES FEMINISTAS PARA ACADAR UNHA SOCIEDADE DE MULLERES SEN MEDO

D. BESADÍO DUVI 25/11/2021

O Día Internacional contra a Violencia de Xénero celebrouse este ano na Universidade de Vigo baixo o lema *Con homes feministas, mulleres sen medo*, “unha frase coa que facer énfase nas violencias sexuais pois, coma toda violencia de xénero, é a forma en que o sistema patriarcal garante que todo siga igual, disciplinando e corrixindo de xeito persuasivo, pero tamén coactivo, ás mulleres fronte a este verdadeiro drama social”, explica a responsable da Unidade de Igualdade, Águeda Gómez. [+info](#).



A concentración tivo lugar entre os edificios de Ferro e Politécnico ás 12.00 h

UN 25 N MÁIS, O CAMPUS ÚNESE AO REXEITAMENTO DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

DUVI OURENSE 25/11/2021


Un 25 de novembro máis, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a realidade das violencias machistas obriga á sociedade a manifestarse en prol da igualdade, en contra das agresións de xénero e en solidariedade coas vítimas desta lacra social. No campus de Ourense, membros da comunidade universitaria, convocados pola Facultade de Educación e Traballo Social, concentráronse entre os edificios Politécnico e de Ferro para gardar un minuto de silencio e amosar a súa repulsa á violencia contras as mulleres e nenas. [+info](#).



GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS BUSCAN SINERXÍAS CO TECIDO EMPRESARIAL EN ASOCIATIVO NO EIDO DA SAÚDE E A TERCEIRA IDADE

Mª DEL RÍO DUVI 26/11/2021

Oito grupos de investigación do campus e 15 empresas e asociacións participaron esta mañá de venres nun encontro na Casa das Campas organizado polo Campus CREA e a Vicerreitoría, co patrocinio do Consello Social da Universidade, co obxectivo de amosar ao tecido económico e social as potencialidades da I+D+i universitaria pontevedresa. Tras unha edición en 2019 centrada, precisamente, nas áreas de especialización do Campus Crea, desta volta o encontro xirou arredor da saúde a terceira idade. [+info](#).



Imaxe do sistema desenvolvido

O GRUPO EPHYSLAB DESENVOLVE UN SISTEMA DE ALERTA TEMPERÁ DE INUNDACIÓNS

DUVI OURENSE 26/11/2021

Despois de catro anos de traballo, o proxecto transfronteirizo Risc Miño-Limia chega ao seu fin facendo os seus socios españois e lusos un balance moi positivo dos resultados acadados. Ao seu abeiro, entre outras iniciativas, o grupo de investigación Ephyslab Environmental Physics Laboratory (CIM-UVigo) desenvolveu un sistema de alerta temperá de inundacións para a conca internacional Miño-Limia. [+info.](#)



A escola acolle un módulo de sensibilización en igualdade, promovido pola Deputación

UN CURSO ACHEGA AO ALUMNADO DE ENFERMARÍA AS CLAVES PARA DETECTAR POSIBLES CASOS DE VIOLENCIA MACHISTA

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 30/11/2021

“A inmensa maioría das vítimas de violencia machista recorren aos servizos sanitarios nalgún momento, tanto por agresións moi graves como por un maltrato psicolóxico continuado. Estas mulleres demandan atención sanitaria, pero non sempre verbalizan cal é a causa”, sinala a axente de igualdade e ex-presidenta da asociación Apaioiga Mercedes Renda, que imparte nestes días na Escola Universitaria de Enfermaría, centro adscrito á UVigo, un módulo de sensibilización en igualdade e perspectiva de xénero. [+info.](#)



A escola acolle un módulo de sensibilización en igualdade, promovido pola Deputación

LAURA MOVILLA RECOLLE O PREMIO WATER DROP AWARD POLA SÚA INVESTIGACIÓN SOBRE GOBERNANZA DE ACUÍFEROS TRANSFRONTEIRIZOS

DUVI OURENSE 30/11/2021

A cidade de Daegu, en Corea do Sur, acolle deste o 29 de novembro e ata o 3 de decembro a celebración do XVII Congreso Mundial da Auga, organizado pola International Water Resources Association (IWRA), a asociación académica de referencia internacional en recursos hídricos. No marco da súa programación, Laura Movilla, profesora da Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, recolleu este luns o premio Water Drop Award, outorgado por IWRA. O galardón recoñece o seu traballo investigador no eido da gobernanza internacional dos acuíferos transfronteirizos.

[+info](#)



Cada 15 días a mostra cambia de centro educativo

A EXPOSICIÓN EXXPERIMENTA EN FEMININO CHEGA ESTE CUADRIMESTRE A SETE INSTITUTOS GALEGOS

DUVI OURENSE 30/11/2021

Cada curso académico, a mostra itinerante Exxperimenta en Feminino achégase a centros educativos galegos co obxectivo de visibilizar mulleres destacadas na historia da ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría. Este cuadrimestre, son sete os centros que acollerán unha exposición que forma parte das accións postas en marcha polo colectivo Exxperimenta en Feminino, composto por profesoras e investigadoras da Escola Superior de Enxeñaría Informática, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Facultade de Ciencias do campus de Ourense. [+info](#).



O alumnado levará a cabo unha interpretación desta obra de Yolanda Dorda

ALUMNADO DE BELAS ARTES BUSCA DAR VISIBILIDADE ÁS MULLERES ARTISTAS A TRAVÉS DUN MURAL

DUVI PONTEVEDRA 30/11/2021

Achegar á cidadanía “a arte descoñecida feita por mulleres” é, como sinala a estudante de Belas Artes Olga M. Tenorio, o propósito central das *I Xornadas muralistas en prol da muller artista (Elas)*, que esta alumna promove como traballo para unha das materias do grao. Coa participación de cinco estudantes da facultade, esta actividade levarase a cabo este sábado e domingo en Cangas do Morrazo. [+info](#).



Javier Abia, terceiro pola esquerda, xunto cos responsables de Telefónica

ESTUDANTES DA UVIGO GAÑAN O 2º PREMIO DO RETO SOFIA PARA EL HOGAR DE TELEFÓNICA

D. BESADÍO DUVI 30/11/2021

Un sistema dirixido a reducir o consumo eléctrico dos fogares. Esta é a proposta coa que o equipo Fundación da Universidade de Vigo acaba de facerse co 2ª premio do reto Sofía para el Hogar convocado por Telefónica, unha iniciativa coa que a empresa retou ao alumnado universitario español a presentar ideas e propostas que melloren a calidade de vida das persoas no seu universo persoal: a súa casa. [+info](#).

UNIVERSIDADE DE VIGO

17

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640